

Concello de COTOBADE (Pontevedra)

ANO DE

Núm.

NEGOCIADO:

EXPEDIENTE

Instruido a instancia:


ASUNTO

FUSIÓN VOLUNTARIA
CERDEDO - COTOBADE

Comenzo

Terminación

RESOLUCION RECAIDA






CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

ÍNDICE

EXPEDIENTE FUSION MUNICIPIOS CERDEDO E COTOBADE			
Nº	CONCEPTO	DATA	Nº DE PAXINA
<u>1</u>	INFORME XUSTIFICATIVO	25/02/2016	1-34
<u>2</u>	MEMORIA XUSTIFICATIVA		35-37
<u>3</u>	PLANO		38
<u>4</u>	INFORME DE SECRETARIA	25/02/2016	39-49
<u>5</u>	PROPOSTA ALCALDIA	25/02/2016	50-53
<u>6</u>	CERTIFICADO COMISION DE OBRAS	29/02/2016	54-57
<u>7</u>	CERTIFICADO ACORDO PLENO	03/03/2016	58-61
<u>8</u>	ANUNCIO	04/03/2016	62
<u>9</u>	REMISION BOP ANUNCIO	10/03/2016	63-67
<u>10</u>	AVISO DE RECIBIMENTO	14/03/2016	68-69
<u>11</u>	REMISION DOG ANUNCIO	10/03/2016	70-79
<u>12</u>	PROVIDENCIA ALCALDIA INCORPORACION INFORME	11/03/2016	80
<u>13</u>	DITAME USC	11/03/2016	81-93
<u>14</u>	ANUNCIO BOP	18/03/2016	94
<u>15</u>	ANUNCIO DOG	28/03/2016	95
<u>16</u>			
<u>17</u>			
<u>18</u>			
<u>19</u>			
<u>20</u>			



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 - Carballado 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30


INFORME XUSTIFICATIVO DA CONCORRENCIA DAS MOTIVACIÓNS NECESARIAS PARA LEVAR A CABO A FUSIÓN DOS MUNICIPIOS DE CERDEDO E COTOBADE.

O municipio do século XXI non ten nada que ver co municipio do século XIX. En opinión de Román Rodríguez González, as esixencias da gobernabilidade teñen demostrado, sobradamente, que o marco territorial está obsoleto e non responde as características actuais da sociedade galega. O concello non so é a administración mais próxima ao cidadán, que mellor recolle as inquedanzas sociais, ou que ten unha repercusión moi directa na calidade de vida das persoas. É tamén o marco das relacións democráticas da sociedade e un axente básico no estímulo do desenvolvemento socioeconómico. Por tales motivos é imprescindible propoñernos a consecución dun municipio sostible, un municipio con capacidade de xestión e autonomía real de decisión, que sexa unha administración responsable á que os veciños podan pedir responsabilidades e esixir resultados como manifestación do exercicio democrático.

1.- CONSIDERACIÓNS DE ORDE XEOGRÁFICA E DEMOGRÁFICA.

Entre as consideracións para motivar a alteración de termos municipais, neste caso, mediante a proposta de fusión, expóñense en primeiro lugar aquelas que teñen un valor de tipo xeográfico e demográfico.

As previsións demográficas de ambos concellos empezan a ser preocupantes e supón un importante problema para manter o actual nivel de servizos e prestacións. Vanse ver sometidos tamén a unha



CONCELLO DE COTOBADE


Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30


enorme dependencia, en todos os sentidos, doutras administracións, séndolle imposible asumir o papel de liderazgo dentro do seu territorio. Liderazgo que resulta fundamental para impulsar procesos de desenvolvemento e converterse nun axente activo de promoción de benestar de vida e progreso socioeconómico.

CONSIDERACIÓNS XEOGRÁFICAS

No interior da provincia de Pontevedra, atópanse os concellos limítrofes de Cerdado e Cotoade. O concello de Cerdado ten unha superficie de 79,9 km² e unha poboación segundo o INE 2014 de 1.860 habitantes distribuídos en 8 parroquias. O concello de Cotoade ten unha superficie de 134,7 km² e unha poboación segundo o INE 2014 de 4.327 habitantes distribuídos en 13 parroquias

Os concellos de Cerdado e Cotoade aínda que pertencentes a distintas comarcas (o de Cerdado á de Tabeiros-Terra de Montes e o de Cotoade encadrado na de Pontevedra), presentan unha indudable similitude e continuidade xeográfica, practicamente indistinguible sobre o territorio, en termos de recursos hídricos, morfoloxía, paisaxe, chans, etc. Dende o punto de vista xeográfico, por un lado distínguense as “Terras altas” onde destaca o Monte Seixo, situado a 900 m sobre o nivel do mar e, por outro, as “Terras Baixas” onde o Río Lérez é o protagonista, sendo o río máis importante en ambos concellos, un río de gran beleza con barrancas, rápidos, pozas, cascadas, augas rápidas nalgúns tramos





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

e remansos noutros e no que se atopan represas, canais, muíños, pontellas e pontes antigas que nos dan indicio do gran uso destas zonas polo home dende tempos antigos.


A climatoloxía dos Concellos de Cerdedo e Cotoade inclúese dentro dos caracteres propios do dominio Templado Oceánico. O Océano Atlántico atenúa as variacións térmicas, aportando a través da circulación ciclónica, abundantes precipitacións.

A temperatura é suave, debido á confrontación entre as influencias térmicas polares, e as tropicais e a ausencia de fenómenos extremos.

As similitudes e coincidencias da xeografía non se limitan á súa base territorial senón, como é lóxico condiciona unha similar forma económica para a posta en valor dos seus recursos.

En correspondencia con esta importante semellanza territorial entre os concellos de Cerdedo e Cotoade, atópase aquela derivada dos seus parámetros como sociedade e poboación, economía que nos mostran as fichas do Instituto Galego de Estadística (IGE).

.....





Chan, 11 - Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

IGE - Information municipale

Pontevedra
Superfície 70,8 km²

ECONOMIA							
Agricultura	Dato	Período	Fonte	Empresas (3)			
Número de explotacións de gando bovino	73	2013	IGE-GMR	Empresas por condición xurídica	Dato	Período	Fonte
Total bovinos	832	2013	IGE-GMR	Total	61	2013	IGE
Administración pública	Dato	Período	Fonte	Persoas físicas	40	2013	IGE
Ingresos municipais	1.369.012	2013	MH	Sociedades anónimas		2013	IGE
Impostos directos	298.087	2013	MH	Sociedades de responsabilidade limitada	16	2013	IGE
Impostos indirectos	5.223	2013	MH	Cooperativas		2013	IGE
Taxas e outros	145.185	2013	MH	Outras	5	2013	IGE
Rendemento medio do IRPF	11.133	2012	AEAT				
Construción (2)	Dato	Período	Fonte	Empresas por actividade	Industria	Construción	Servizos
Número de vivendas a crear de nova planta	0	2013	IGE-MF		3	20	38
Variación neta do parque de vivendas	0	2013	IGE-MF				
Número de edificios a crear de nova planta	0	2013	IGE-MF	Empresas por estrato de asalariados			
Parque de vehículos	Dato	Período	Fonte	Sen asalariados		38	2013
Total	1.104	2013	DGT	De 1 a 2 asalariados		16	2013
Turismos	817	2013	DGT	De 3 a 5 asalariados		4	2013
				De 6 a 9 asalariados		2	2013
				De 10 a 19 asalariados		1	2013
Vehículos turismo matriculados	22	2013	DGT	De 20 a 49 asalariados		0	2013
Sistema de contas	Dato	Período	Fonte	De 50 a 99 asalariados		0	2013
Renda dispoñible bruta por habit.	7.717,64	2009	IGE	De 100 a 249 asalariados		0	2013

IGE - Instituto Galego de Estatística




CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballido 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

IGE - Información municipal

ante				De 250 ou máis asalariados	0	2013	IGE
Produto interior bruto por habitante	8.730	2012	IGE	Número de unidades locais	83	2013	IGE





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Cotoade

Pontevedra

Superficie 134,7 km²

IGE - Información municipal

SOCIEDADE E POBOACIÓN

POBOACIÓN E POBOACIÓN						Indicadores demográficos					Dato					Período					Fonte								
Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Taxa bruta de natalidade (o/oo)	5,5	2013	IGE	Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	15,3	2013	IGE	Índice de envellecemento	234,8	2014	IGE	Idade media á maternidade	33,8	2013	IGE	Número medio de fillos por muller	0,9	2013	IGE	Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	3,6	2013	IGE
Poboación total	4.332	2.099	2.233	2015	INE																								
de 0 a 15 anos	444	228	216	2015	INE																								
de 16 a 64 anos	2.639	1.394	1.245	2015	INE																								
de 65 e máis anos	1.249	477	772	2015	INE																								
Poboación estranxeira	52	20	32	2015	INE																								
Idade media	49,6	46,8	52,2	2014	IGE																								
Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte																			
Nacementos	22	8	14	2014	IGE-INE																								
Defuncións	47	20	27	2014	IGE-INE																								
Matrimonios	6			2014	IGE-INE																								
Saldo vexetativo	-25			2014	IGE-INE																								
Movementos migratorios		Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte	Alumnos matriculados no ensino non universitario	Dato																						
A mesma provincia		107	113	2014	INE	Total	318																						
A outra provincia		5	6	2014	INE	Educación infantil	73																						
A outra comunidade		11	38	2014	INE	Educación primaria	144																						
Estranxeiro		4	4	2014	INE	ESO	101																						
Paro rexistrado (1)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Anllacións en alta laboral	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte																		
Por idade							1.275	706	569	2015/De																			
Total	413	214	199	2015	CT	Anllacións en alta laboral por sectores	Dato																						
menores de 25 anos	27	14	12	2015	CT	Agricultura e pesca	61			2015/De																			
outras idades	386	200	186	2015	CT	Industria	152			2015/De																			
Por sectores de actividade																													
Agricultura	9	7	3	2015	CT	Construción	170			2015/De																			
Industria	52	37	15	2015	CT	Servizos	890			2015/De																			
Construción	73	63	10	2015	CT																								
Servizos	242	96	145	2015	CT																								
Sen emprego anterior	37	11	26	2015	CT	Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social	98			2014																			
Eleccións				Dato	Período	Fonte																							
Censo electoral				3.805	2012	CP	Nº de contratos iniciais rexistrados	567		2015																			

ECONOMÍA

Agricultura				Empresas (3)						
Número de explotacións de gando bovino	Dato	Período	Fonte	Empresas por condición xurídica		Dato	Período	Fonte		
	139	2014	IGE-CMR	Total		205	2014	IGE		
Total bovinos	906	2014	IGE-CMR	Persoas físicas		137	2014	IGE		
Administración pública	Dato	Período	Fonte	Sociedades anónimas		2	2014	IGE		
Ingresos municipais	2.352.140	2013	MH	Sociedades de responsabilidade limitada		51	2014	IGE		
Impostos directos	530.884	2013	MH	Cooperativas		1	2014	IGE		
Impostos indirectos	30.403	2013	MH	Outras		14	2014	IGE		
Taxas e outros	167.197	2013	MH							
Rendemento medio do IRPF	12.960	2013	AEAT							
Construción (2)				Empresas por actividade		Industria	Construcion	Servizos	Período	Fonte
Número de vivendas a crear de nova planta	Dato	Período	Fonte			15	50	140	2014	IGE
	1	2014	IGE-MF							
Variación neta do parque de vivendas	1	2014	IGE-MF							
Número de edificios a crear de nova planta	1	2014	IGE-MF	Empresas por estrato de asalariados		Dato	Período	Fonte		
Parque de vehículos				Sen asalariados		144	2014	IGE		
Total	3.520	2014	DGT	De 1 a 2 asalariados		43	2014	IGE		
Turismos	2.725	2014	DGT	De 3 a 5 asalariados		9	2014	IGE		
				De 6 a 9 asalariados		5	2014	IGE		
Vehículos turismo matriculados	47	2015	DGT	De 10 a 19 asalariados		2	2014	IGE		
Sistema de contas	Dato	Período	Fonte	De 20 a 49 asalariados		2	2014	IGE		
Renda dispoñible bruta por habit-	10.596,46	2009	IGE	De 50 a 99 asalariados		0	2014	IGE		
				De 100 a 249 asalariados		0	2014	IGE		

IGE - Instituto Galego de Estatística



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

IGE - Información municipal

ante				De 250 ou máis asociados	0	2014	IGE
Produto interior bruto por habitante	10.853	2012	IGE				
ante				Número de unidades locais	184	2014	IGE

A unión que se pretende ten aparelada non só un incremento de poboación, senón tamén un importante incremento de superficie. Pero ademais o territorio do novo concello goza dun posicionamento estratéxico derivado da súa boa comunicación coa cidade de Pontevedra a través do espazo do concello de Cotoade. A isto debemos sumarlle a proximidade e boa comunicación respecto a comarca de Ourense a través da estrada nacional N-541 e da comarca de Santiago de Compostela.

Esta ubicación, debidamente acompañada dos recursos necesarios para a súa posta en valor, podería supoñer un evidente atractivo no aspecto de fixación de poboación.

Tampouco debemos desdeñar o atractivo que este posicionamento xeográfico cara o fomento á implantación de actividades económicas e industriais, que poderan supoñer novas oportunidades de emprego e de xeración de riqueza.






CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Ubicación estratéxica Cerdedo-Cotoade respecto a vías de comunicación.




- CONSIDERACIÓNS DE ORDE DEMOGRÁFICA

As consideracións de orde demográfica atenden a un dos aspectos máis problemáticos destes municipios como é a súa perda de poboación.

A cuestión demográfica convértese nunha razón de enorme importancia á hora de iniciar este proceso voluntario de fusión.

Á situación de perda de poboación nestes concellos súmase a de Galicia que segundo diferentes estudos perderá case 208.000 habitantes nos vindeiros 15 anos.




CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

Así mesmo, o saldo vexetativo de Galicia seguirá sendo negativo, segundo o INE, e acentuarase ao haber 18.048 falecementos máis que nacementos en 2028, mentres que actualmente hai 11.741 mortes máis que nacementos nunha tendencia que irá empeorando co paso dos anos. De feito, dentro de 15 anos o saldo vexetativo en Galicia será de -88,5 persoas por cada 1.000 habitantes. De tal forma, mentres os nacementos en 2014 son 18.997, dentro de 15 anos caerán ata os 12.372 (-6.625). Pola súa parte, os falecementos a 2014 son de 30.738, mentres que en 15 anos serán case invariables, con un total de 30.420.

ANÁLISE DA PÒBOACIÓN DE CERDEDO


Galicia e Cerdedo perden poboación e a pouca que queda envellece, se analizamos as táboas de poboación dende o ano 1900 nos que había 5334 habitantes pasamos a actualidade no ano 2014 con 1860 habitantes. Pero sen ir tan atrás no tempo vemos que a baixada da poboación é continua sobre todo nos últimos anos, concretamente dende 1995 perdemos 1.841 habitantes.





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30



CERDEDO - Evolucion de la poblacion desde 1900 hasta 2014

CERDEDO - Evolucion de la poblacion desde 1900 hasta 2014			
AÑO	HOMBRES	MUJERES	TOTAL
2014	856	1.004	1.860
2013	870	995	1.865
2012	870	995	1.865
2011	1.063	1.234	2.297
2010	1.050	1.249	2.299
2009	1.047	1.243	2.290
2008	1.092	1.258	2.350
2007	1.098	1.304	2.402
2006	1.047	1.283	2.330
2005	1.053	1.280	2.333
2004	1.041	1.267	2.308
2003	1.040	1.273	2.313
2002	1.086	1.348	2.434
2001	1.110	1.413	2.523
2000	1.122	1.444	2.566




CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

1999	1.126	1.459	2.585
1998	1.162	1.522	2.684
1996	1.203	1.563	2.766
1995	1.683	2.018	3.701
1994	1.701	2.027	3.728
1993	1.685	2.039	3.724
1992	1.708	2.069	3.777
1991	1.707	2.081	3.788
1990	2.008	2.418	4.426
1989	2.030	2.442	4.472
1988	2.038	2.452	4.490
1987	2.036	2.468	4.504
1986	2.026	2.457	4.483
1981	0	0	4.251
1970	0	0	4.675
1960	0	0	4.883
1950	0	0	5.888
1940	0	0	5.211
1930	0	0	5.265
1920	0	0	5.282
1910	0	0	5.339
1900	0	0	5.331

Segundo os datos oficiais do INE, a nosa actual pirámide de poboación é o típico triángulo invertido onde só o 12 % dos nosos veciños teñen menos de 25 anos. O 16% entre 25 e 40 anos. Entre 41 e 65 anos o 30%, e o 42% máis de 65 anos (o 19% máis de 80 anos).


A idade media en Cerdedo foise incrementando de forma permanente ao longo das últimas décadas, sendo na actualidade de 56,70 anos



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

POBLACION - CERDEDO - 2014



Población Total en el Municipio: 1.860

Población Hombres: 856

Población Mujeres: 1.004

Fuente: INE, Gráfico elaborado por FORO-CIUDAD.COM para todos los municipios de España

Población de CERDEDO por sexo y edad 2014 (grupos quinquenales)			
EDAD	HOMBRES	MUJERES	TOTAL
0-4	19	23	42
5-9	20	17	37
10-14	18	16	34
15-19	27	20	47
20-24	33	28	61
25-29	31	38	69
30-34	41	64	105
35-39	73	44	117
40-44	60	48	108
45-49	52	37	89
50-54	53	52	105
55-59	55	62	117
60-64	62	83	145




CONCELLO DE COTOVERDE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOVERDE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

65-69	73	69	142
70-74	49	59	108
75-79	60	107	167
80-84	68	95	163
85-	62	142	204
TOTAL	856	1.004	1.860

E si analizamos os nacementos saltan todas as alarmas. No ano 2014, segundo datos do IGE, producíronse 5 nacementos ocupando o posto 19 dos 62 municipios de Pontevedra. Pola contra no ano 2014 producíronse 21 defuncións, ocupando o posto 60 no ranking de poboación dos 62 concellos de Pontevedra.


O saldo de crecemento vexetativo é negativo, incrementándose co transcurso dos anos, xa que por unha banda a taxa de natalidade, a medida que avanzamos diminúe e por outro lado a taxa de mortalidade vai empeorar no futuro.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. 1975-2014 (P)



Movemento natural da poboación

■ 36011 Cerdedo >> 2004 ■ 36011 Cerdedo >> 2005 ■ 36011 Cerdedo >> 2006
■ 36011 Cerdedo >> 2007 ■ 36011 Cerdedo >> 2008 ■ 36011 Cerdedo >> 2009
■ 36011 Cerdedo >> 2010 ■ 36011 Cerdedo >> 2011 ■ 36011 Cerdedo >> 2012
■ 36011 Cerdedo >> 2013 ■ 36011 Cerdedo >> 2014


ANÁLISE DE POBLACIÓN DE COTOBADE


Cotoade posúe unha poboación de 4327 habitantes, polo tanto tamén o podemos considerar como un concello de tamaño pequeno. A evolución da poboación retrospectiva dende o ano 1900 amosa unha baixada continua de poboación de xeito moi considerable ata o ano 2014. Tomando como referencia máis próxima o ano 1995 comprobamos a permanencia de dita tendencia, se ben máis atemperada nos cinco últimos anos.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30






CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

POBLACION - COTOBADE - 2014




Población Total en el Municipio: 4.327

Población Hombres: 2.079

Población Mujeres: 2.248

Fuente: INE , Grafico elaborado por FORO-CIUDAD.COM para todos los municipios de España

Población de COTOBADE por sexo y edad 2014 (grupos quinquenales)			
EDAD	HOMBRES	MUJERES	TOTAL
0-4	56	78	134
5-9	75	60	135
10-14	69	62	131
15-19	87	63	150
20-24	93	98	191
25-29	108	100	208
30-34	170	133	303
35-39	184	154	338
40-44	166	143	309
45-49	143	142	285
50-54	157	135	292



CONCELLO DE COTOBADE


Chan, 11 - Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

55-59	148	163	311
60-64	154	144	298
65-69	132	146	278
70-74	100	138	238
75-79	94	164	258
80-84	86	157	243
85-	57	168	225
TOTAL	2.079	2.248	4.327

O saldo vexetativo de Cotoade, sofre variacións cunha tendencia xeral negativa, debido a que hai máis defuncións que nacementos. Se se segmenta por sexo pódese observar que existen diferencias significativas, a poboación feminina é maior que a masculina.

Si se segmenta por idade, Cotoade reflicte unha estrutura piramidal tamén regresiva, pero máis suave que Cerdedo, e a súa poboación vese tamén mais envellecida a medida que pasan os anos. A pirámide de poboación de Cotoade ten unas características, e polo tanto, unas perspectivas de futuro negativas, semellantes ás de Cerdedo.


A pirámide de Cotoade reflicte na súa base unha redución paulatina da natalidade. O seu tronco e a súa cima son similares coa característica de que posúe máis poboación masculina que feminina no seu tramo central na cima obsérvase que a esperanza de vida das mulleres é maior que a dos homes como ocorría en Cerdedo.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. 1975-2014 (P)



Movemento natural da poboación

■ 36012 Cotoade >> 2004 ■ 36012 Cotoade >> 2005 ■ 36012 Cotoade >> 2006
■ 36012 Cotoade >> 2007 ■ 36012 Cotoade >> 2008 ■ 36012 Cotoade >> 2009
■ 36012 Cotoade >> 2010 ■ 36012 Cotoade >> 2011 ■ 36012 Cotoade >> 2012
■ 36012 Cotoade >> 2013 ■ 36012 Cotoade >> 2014

NOVO ESCENARIO POBOACIONAL DE CERDEDO-COTOBADE

Cerdedo, con 1860 habitantes e Cotoade con 4327, posúen poboacións pequenas. O novo concello resultante da fusión ocuparía o posto 31 da provincia de Pontevedra cunha poboación superior aos seis mil habitantes, cualificándose coma un concello mediano. As características de poboación deste novo concello serían moito máis vantaxosas que as existentes tanto en Cerdedo coma en Cotoade. O proceso de fusión implica o incremento de poboación nunha magnitude que ningún dos preexistentes podería conseguir en décadas.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Por isto, pode afirmarse con toda claridade que o proceso de fusión voluntaria entre Cerdedo e Cotoade é un instrumento estratéxico de primeira magnitude para asegurar a supervivencia e sustentabilidade a medio e longo prazo destas poboacións.

2. CONSORCIO CONCA DO LÉREZ

O Consorcio Conca do Lérez foi creado no ano 2012. Se ben inicialmente estaba constituído polos concellos de Cerdedo, Cotoade, ademais do de Campo Lameiro e Forcarei, este último separouse posteriormente.

Poderíamos dicir que o funcionamento do consorcio durante estes anos serviu como banco de probas e confirmación da conveniencia desta fusión.

En primeiro lugar, nestes anos conseguíronse conxuntamente diversas subvencións da Xunta de Galicia, destacando as seguintes:

- 1 - **MENTIÓN ESPECIAL PREMIOS COOPERA 2012.** Diploma e puntuación extra para convocatorias varias da Xunta.
- 2 - **FOMENTO DO USO DO GALEGO 2013:** 2.781 €
- 3 - **CONCESIÓN PREMIOS COOPERA 2013:** 12.000 €
- 4 - **INEGA 2013:** 180.000,00 € “Renovación e Mellora infraestrutura eléctrica”.



CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

- 5 - **FONDO COMPENSACION AMBIENTAL** (parte non competitiva): 70.000 € “Eficiencia enerxética en iluminación pública”. (ojo no es del Consorcio es Campolameiro, Cerdedo e Moraña)
- 6 - **FONDO COMPENSACION AMBIENTAL 2015:** 25.000 € “Servizo Medio Ambiente: convenio contratación Técnica de Medio Ambiente”
- 7 - **MELLORA DO HABITAT PARA FOMENTAR A BIODIVERSIDADE:** BIOTOPOS (45.000€-VICEPRESIDENCIA).

Igualmente durante os anos 2013 e 2014 xestionouse de forma conxunta e exitosa un obradoiro de emprego no conxunto do ámbito territorial do Consorcio, cun total de vinte e dous alumnos e cun orzamento superior aos 200.000 euros.

Pero tal vez un dos beneficios máis importantes deste anos de camiño conxunto foi o demostrar que a colaboración entre os concellos era non só produtiva, senón imprescindible de cara o futuro. Inversións que se conseguiron grazas ao esforzo conxunto dos alcaldes, como foron as melloras na estrada nacional N-541 efectuadas polo Ministerio de Fomento, ou o convenio asinado coa Xunta de Galicia para o saneamento do río Lérez ao seu paso polos tres concellos.

Tamén a colaboración interadministrativa entre os propios empregados dos concellos membros e a posta en marcha de diversas iniciativas para a xestión conxunta de servizos foron indicacións claras de que o camiño a seguir era a integración e a posta en común dos esforzos individuais, deixando de lado os localismos e as diferenzas para conseguir un maior benestar para os cidadáns e entendendo que na actualidade os



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

concellos de menor tamaño teñen cada vez menos oportunidades de conseguir os seus obxectivos de xeito individual.

Un exemplo claro é que na actualidade o servizo de medio ambiente préstase de forma conxunta coa colaboración entre os concellos para o sostemento en común dun posto de técnico medioambiental o que está permitindo unha mellora considerable no ámbito da reciclaxe e na depuración de augas.


3. ASPECTOS ECONÓMICOS

É conveniente salientar que tanto Cerdedo coma Cotoade gozan na actualidade dunha boa saúde financeira. Se acudimos aos datos resultantes da conta xeral do ano 2014, última aprobada, resulta que ambos pecharon o ano con superávit e remanente positivo de tesourería.

COTOBADE

Estado de Liquidación do orzamento de gastos 2014

CRÉDITOS INICIAIS	1.891.583,73
MODIFICACIÓNS	973.590,60
CRÉDITOS DEFINITIVOS	2.865.174,33
GASTOS COMPROMETIDOS	2.339.964,44




CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.284.428,20
PAGOS	2.242.788,17
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12	42.640,03
REMANENTES DE CRÉDITO	580.746,13

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

PREVISIÓNS INICIAIS	1.891.583,73
MODIFICACIÓNS	973.590,60
PREVISIÓNS DEFINITIVAS	2.865.174,33
DEREITOS RECOÑECIDOS	2.485.734,33
DEREITOS ANULADOS	72.526,79
DEREITOS CANCELADOS	0,00
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.413.207,54
RECADACIÓN NETA	2.296.043,02
DATOS PENDENTES DE COBRO A 31/12	117.164,52



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

EXCESO/DEFECTO DE PREVISIÓN	451.966,79
-----------------------------	------------

RESULTADO ORZAMENTARIO 2014

Resultado orzamentario	128.779,34
Resultado orzamentario axustado	250.001,94


REMANENTE DE TESOURARÍA

Remanente de tesouraría total	1.478.121,42
Remanente de tesouraría para gastos xerais	653.320,35

CERDEDO

Estado de liquidación do orzamento de ingresos

PREVISIÓNS INICIAIS	278.000
MODIFICACIÓNS	547.546,23



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

PREVISIÓNS DEFINITIVAS	1.697.703,15
DEREITOS RECOÑECIDOS	1.425.406,80
DEREITOS ANULADOS	5.469,76
DEREITOS CANCELADOS	0,00
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	1.419.937,04
RECADACIÓN NETA	1.171.135,19
DATOS PENDENTES DE COBRO A 31/12	248.801,85
EXCESO/DEFECTO DE PREVISIÓN	-277.766,11

Estado de liquidación do orzamento de gastos

CRÉDITOS INICIAIS	1.150.156,92
MODIFICACIÓNS	547.546,21
CRÉDITOS DEFINITIVOS	1.697.703,13
GASTOS COMPROMETIDOS	1.383.858,38
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	1.383.858,38
PAGOS	1.313.193,13



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12	70.665,25
REMANENTES DE CRÉDITO	313.844,75

RESULTADO ORZAMENTARIO 2014

Resultado orzamentario 36.078,6

REMANENTE DE TESOURARÍA

Remanente de tesouraría total 549.318,51
Remanente de tesouraría para gastos xerais 254.679,62

Ambos concellos teñen tamén os seus orzamentos aprobados para o exercicio 2016.

CONCELLO DE CERDEDO



CONCELLO DE COTOBADE


Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

ORZAMENTO DE GASTOS

Cap. 1	Gastos de Persoal	593.867,29
Cap. 2	Gastos correntes bens e servizos	463.648,79
Cap. 3	Gastos financeiros	6.450
Cap. 4	Transferencias correntes	1.300
Cap. 6	Investimentos reais	455.069,74
Cap. 9	Pasivos financeiros	44.957,30
TOTAL	ORZAMENTO GASTOS	1.565.293,12

ORZAMENTO DE INGRESOS

Cap. 1	Impostos directos	294.379
Cap. 2	Impostos indirectos	15.700
Cap. 3	Taxa e outros ingresos	178.091,44
Cap. 4	Transferencias correntes	651.352,97
Cap. 5	Ingresos Patrimoniais	700
Cap. 7	Transferencias de capital	425.069,71
TOTAL	ORZAMENTO INGRESOS	1.565.293,12



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30


CONCELLO DE COTOBADE

ORZAMENTO XERAL DE GASTOS

Cap. 1	Gastos de Persoal	705.450,72
Cap. 2	Gastos correntes bens e servizos	1.055.570,10
Cap. 3	Gastos financeiros	0,00
Cap. 4	Transferencias correntes	84.733,87
Cap. 6	Investimentos reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL	ORZAMENTO GASTOS	1.845.754,69

ORZAMENTO XERAL DE INGRESOS

Cap. 1	Impostos directos	517.028,67
Cap. 2	Impostos indirectos	20.000
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	171.515,04
Cap. 4	Transferencias correntes	1.136.210,98
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	1.000,00



CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

Cap. 6	Alleamento de investimentos reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL	ORZAMENTO DE INGRESOS	1.845.754,69

En todo caso, os beneficios económicos da fusión para o concello resultante son indudables.

INGRESOS

En primeiro lugar e como é lóxico, porque o criterio de poboación é fundamental á hora de determinar os recursos dun concello, principalmente nas transferencias recibidas doutras administracións, tanto na participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma como nas convocatorias de subvencións de calquera administración.

Neste senso, é preciso sinalar ao respecto da Participación nos tributos do Estado que de acordo co previsto no art. 124 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a cantidade total distribúese entre os concellos tendo en conta en como variable máis importante a poboación do concello, pois supón o 75% do total.

Pero ademais é que a normativa prevé igualmente uns coeficientes obre a cantidade resultante, de tal xeito que

- Concellos ata 5.000 habitantes: 1,00



CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

- Concellos entre 5.000 e 20.000 habitantes: 1,17.

Polo que o concello resultante polo feito de superar o límite dos 5.000 habitantes xa percibirá unha cantidade superior á que lle correspondería pola suma individual da correspóndente a cada un dos concellos fusionados.

Pero a todo isto hai que engadir que a nova redacción dada o artigo 13 da Lei de bases de réxime local prevé diversos beneficios de carácter económico para os concellos que decidan a súa integración voluntaria, como son principalmente os seguintes:


a) El coeficiente de ponderación que resulte de aplicación de acuerdo con el artículo 124.1 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo se incrementará en 0,10.

b) El esfuerzo fiscal y el inverso de la capacidad tributaria que le corresponda en ningún caso podrá ser inferior al más elevado de los valores previos que tuvieran cada municipio por separado antes de la fusión de acuerdo con el artículo 124.1 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Pero os maiores ingresos resultantes da fusión non quedan limitados a ese aspecto. A Xunta de Galicia tamén realiza un considerable esforzo de apoio aos procesos de fusión e proba disto é o previsto na lei de medidas fiscais e administrativas que acompañou aos orzamentos para o ano 2016. (Lei 13/2015, do 24 de decembro)

“Artigo 59. Medidas de fomento para as fusións de municipios ou para a incorporación voluntaria a outros

Modifícase o artigo 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local



CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 13

1. A Xunta de Galicia establecerá medidas de fomento para as fusións de municipios ou para a incorporación voluntaria a outros.

a) Nos orzamentos da Comunidade Autónoma figurará anualmente unha consignación destinada á creación dun fondo especial para o fomento das fusións, con cargo á que se concederán axudas ás fusións na contía que se determine para cada exercicio, e que será xestionado pola Dirección Xeral de Administración Local.

b) Estableceranse axudas económicas e técnicas, entre as que poderán incluírse as seguintes:

– A colaboración na nova reestruturación orgánica e funcional da entidade local resultante da fusión, que poderá elaborar a RPT, o inventario de bens ou o PXOM.

– A posibilidade de dispensa da prestación dalgún dos servizos mínimos establecidos como obrigatorios na presente lei. Asinarase o correspondente convenio coa deputación provincial para o seu financiamento conxunto.


c) Estableceranse criterios prioritarios ou especiais na asignación de subvencións finalistas.

d) Estableceranse criterios prioritarios ou especiais nos plans de organización dos servizos autonómicos

e) A Comunidade Autónoma poderá condonar débedas existentes cos municipios fusionados, que deberán concretarse no decreto de fusión.

f) Os municipios fusionados terán dereito a un aumento na porcentaxe de participación que lles corresponde no Fondo de Cooperación Local, que se concretará anualmente na primeira lei de orzamentos seguinte á adopción do acordo de fusión “

Por último hai que facer referencia tamén aos novos ingresos que se producirán polo incremento nas contías das subvencións, tanto correntes como de capital. Así, a Xunta de Galicia ven primando de xeito



CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

xeneralizado nas distintas convocatorias de subvencións aos concellos fusionados, incrementando os importes das axudas ou as porcentaxes de financiamento

A este respecto debemos mencionar tamén a lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas:

Art. 60

Dous. As convocatorias públicas de axudas e subvencións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes instrumentais do sector público autonómico destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma deberán primar, na forma que se estableza nas correspondentes bases reguladoras, as solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula, como agrupación, asociación, mancomunidade, consorcio, fusión ou calquera outra similar, fronte ás presentadas individualmente

No ámbito dos ingresos hai que facer referencia tamén a un aspecto moi importante e que é consecuencia de todos os anteriores. Todos os beneficios indicados van ter unha repercusión evidente na mellora das arcas municipais e, como non poderá ser doutro modo, tamén nas economías de todos os veciños do novo concello, que virán reducidos como consecuencia da fusión os tributos que están a pagar na actualidade.

Aínda que é imposible facer unha estimación ao respecto e será unha decisión que corresponderá tomar ás novas corporacións, podemos tomar simplemente como referencia que en Oza-Cesuras a taxa por recollida de lixo reduciuse un 32% respecto ás existentes con anterioridade á fusión.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

GASTOS

No apartado de gastos municipais, os beneficios do proceso de fusión tamén son indubidables. É lóxico supoñer que a xestión conxunta de servizos suporá un aforro considerable.

En primeiro lugar, a supresión dunha praza de habilitado nacional derivada da fusión levará consigo unha redución nos gastos de persoal de aproximadamente sesenta mil euros anuais, tendo en conta os custos salariais e de seguridade social.

Outro aforro inmediato virá determinado polo feito evidente da existencia dun único alcalde, ademais da redución nos gastos por asistencias e dietas dos membros da Corporación.

Outro aspecto a ter en conta, aínda que máis difícil de cuantificar, é a redución nos gastos correntes como consecuencia da integración. Servizos como a recollida de lixo resultarán indubidablemente afectados, facéndose imprescindible unha nova planificación das rutas de recollida que redundará nuns menores custes de xestión. Tamén o mantemento do alumado público pode dar lugar a importantes aforros.

Igualmente é de prever que o novo concello será quen de obter condicións económicas máis vantaxosas dos seus provedores no ámbito da contratación dos subministracións (gasóleo por exemplo) ou das pólizas de seguros.

4.- OBXECTIVO PRINCIPAL: O MANTEMENTO E MELLORA DOS SERVIZOS PÚBLICOS.



CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

Podemos dicir con total rotundidade que o obxectivo fundamental, a base que termina este proceso de fusión é a finalidade de garantir para os cidadáns dos dous concellos uns servizos públicos municipais de calidade, baseados na eficacia e eficiencia na xestión dos mesmos e, sobre todo, asegurando a súa mellora para os anos sucesivos.

Como analizamos no primeiro apartado, a continua perda de poboación nos dos concellos nos anos precedentes terá como consecuencia primeira menores recursos e, polo tanto, uns servizos públicos máis caros para os veciños e sometidos a unha política de continuos axustes e reducións que implicará de xeito ineludible a supresión dalgún dos servizos existentes.

Ademais o envellecemento de poboación que afecta a toda a demografía española, pero especialmente preocupante no ámbito do rural, determina que os concellos deban prestar cada vez unha maior atención ás persoas maiores cun aumento na prestación dos servizos que lles afectan, que non pode vir sufragado por un incremento nos tributos e tarifas a pagar polos usuarios, xa que en moitos casos nos atoparemos con persoas con recursos económicos moi escasos.

Todo elo determina que se deban tomar medidas non só no curto prazo, senón que supoñan unha mellora a medio e longo prazo que permita facer fronte a esta situación. Evidentemente non queremos indicar que un proceso de fusión por si mesmo, a pesar das súas numerosas vantaxes, vaia supoñer unha solución máxica inmediata a un problema, o do despoboamento e envellecemento de poboación que afecta gravemente a todo o rural galego. Pero resulta evidente que a inacción administrativa só contribúe a agravar o problema.



CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

Por iso un concello novo, máis forte, con moitos máis recursos á súa disposición, é o único camiño para impulsar novas políticas que permitan dar un cambio á situación actual.

Pero sendo o problema de poboación un aspecto fundamental, non podemos esquecer que o proceso de fusión determinará a consolidación e mellora dos servizos que actualmente os concellos prestan aos seus veciños. Simplemente sinalar que o novo concello contará con instalacións deportivas como campo de fútbol de herba sintética e pavillóns de deportes; culturais, con bibliotecas e o centro cultural de Cerdedo; e outras xestionadas pola Xunta de Galicia coa colaboración municipal, coma colexios, escolas infantís, centros de saúde e a residencia de maiores e centro de día.


Pola súa banda, os servizos actualmente existentes viranse mellorados pola unión dos dous concellos. Por exemplo, unha brigada de obras con máis capacidade, dispoñendo dun importante parque de maquinaria para a realización de traballos de mantemento e reparación en infraestruturas, rozas de estradas,..., ou un servizo de recollida de lixo máis eficiente, ademais do persoal municipal existente que continuará realizando a súa función primordial de atención aos veciños nos dous edificios das actuais casas consistoriais que permanecerán abertos con posterioridade á fusión.

En definitiva, parece que as circunstancias veciñais, económicas, demográficas e históricas nos conducen a un proceso de fusión municipal como fórmula mais acaída para garantir un futuro de prosperidade sostible para o territorio do concello de Cerdedo-Cotobade.

Cotobade, 25 de febreiro de 2016

O alcalde

Jorge Cubela López



MEMORIA XUSTIFICATIVA DE QUE A FUSIÓN NON MINGUA SOLVENCIA DOS MUNICIPIOS E ESTIPULACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS QUE SE PROPOÑEN

PRIMEIRA

O novo municipio terá a denominación de Cerdedo-Cotobade

SEGUNDA

A capitalidade do novo municipio radicará no núcleo de A Chan da parroquia de Carballedo do actual termo municipal de Cotobade. A Casa do Concello terá dúas sedes. A sede ordinaria, onde habitualmente celebraranse as sesións dos órganos municipais, será a do actual municipio de Cotobade. A outra sede radicará na Casa do Concello do actual municipio de Cerdedo e nela poderán celebrarse aquelas sesións que afecten especialmente aos intereses do antigo municipio de Cerdedo así como aquelas outras nas que así se decida. En calquera caso, na sede da Casa do Concello do actual municipio de Cerdedo celebraranse, polo menos, cada ano natural dúas sesións plenarias e seis da Xunta de Goberno Local.

TERCEIRA

O escudo e a bandeira municipais do novo municipio deberán respectar a identidade dos antigos municipios de Cerdedo e Cotobade mantendo, de ser posible, os seus respectivos símbolos e signos de identidade.

CUARTA

O novo municipio resultante da fusión dos de Cerdedo e Cotobade terá como límites territoriais os que na actualidade existen en relación a outros limítrofes, desaparecendo a liña divisoria entre Cerdedo e Cotobade

QUINTA

As fórmulas de administración dos bens e xestión de servizos serán as que acorde o Concello que se constitúa no novo municipio resultante da fusión conforme ao establecido na normativa xurídica vixente. Transitoriamente os contratos e convenios asignados polas corporacións locais de Cerdedo e Cotobade conservarán a súa vixencia ata a súa extinción en legal forma.

SEXTA

Ata que se produza a correspondente unificación normativa as ordenanzas e demais normas aprobadas polos municipios de Cerdedo e Cotobade seguirán vixentes nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Polo que atinxe ao urbanismo, o novo Concello velará para que o seu futuro PXOM respecte a clasificación do solo, especialmente a delimitación de solo urbano e dos núcleos rurais, existente na actualidade nos municipios de Cerdedo e Cotobade, sen que, polo tanto, os ditos solos urbanos e núcleos rurais diminúan de tamaño ou superficie, sen prexuízo de que podan ampliar as áreas de solo urbano ou dos núcleos rurais, incluso delimitando outras novas, se fose legalmente posible. Así mesmo velará para que os demais parámetros urbanísticos (uso, parcela mínima, edificabilidade, alturas etc) non sexan mais restritivos para a construción que os actualmente vixentes. O novo concello, considerará prioritario que o PXOM do novo municipio posibilite a implementación de industrias no territorio dos antigos municipios de Cerdedo e Cotobade habilitando para tal fin o solo industrial que resulte preciso.

SÉTIMA

As oficinas xerais do novo municipio estarán radicadas nas dúas sedes da Casa do Concello, onde calquera cidadán poderá indistintamente presentar as súas instancias ou peticións para ser atendido

OITAVA

A Comisión Xestora estará composta polos seguintes membros:

D. Jorge Cubela López
D. Fernando Vázquez Corbacho
D. José Pichel García
Dna. M^a Galiza Agüete Dorriño
Dna. M^a Dolores Pichel Lois
D. Bruno Portela Leiro
D. Javier Lois Abal
Dna. M^a Lina Garrido Garrido
D. Andrés Rodríguez Castro
Dna. M^a Regina Sobral Fraguas
Dna. M^a de los Ángeles Torres Vázquez
D. Silvestre José Balseiros Guinarte
D. Antonio Bugallo Taboada
Dna. M^a Teresa Sanmartín Nieto
Dna. M^a Enma Valiñas Barreiro
D. Agustín Troitiño Tarín
Dna. Yolanda Mariño Valiñas
D. José Luís Crujeiras Garrido
D. Xael Vázquez Dios

Dna. Carmen Fortes Caramés

NOVENA

Crearanse os seguintes postos de habilitados nacionais:

Secretaría de entrada

Intervención de entrada

Tesourería

Os postos serán clasificados pola Comunidade Autónoma no mesmo decreto de fusión e adxudicados aos habilitados que actualmente exercen as súas funcións no Concello de Cotobade

Desaparece o posto de secretario-interventor do Concello de Cerdedo e o funcionario que actualmente desempeña o posto en propiedade será transferido á Comunidade Autónoma conforme ao disposto no art. 59 da Lei 13/2015 do 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas que modifica o art. 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

O resto de funcionarios e persoal laboral dos municipios fusionados pasarán con todos os seus dereitos e obrigas, a formar parte do persoal do novo municipio


DÉCIMO

O novo municipio garantirá o mantemento e bo funcionamento dos servizos públicos e equipamentos de competencia municipal existentes na actualidade nos municipios de Cerdedo e Cotobade. Igualmente velará pola continuidade, mantemento e bo funcionamento daqueles servizos públicos existentes na actualidade nos dous municipios que non sexan de titularidade municipal.

O novo municipio garantirá, así mesmo, unha distribución equitativa dos investimentos, infraestruturas e dotacións nos territorios dos antigos municipios.

DÉCIMO PRIMEIRA

O novo municipio subrógase en todos os dereitos e obrigas dos antigos municipios de Cerdedo e Cotobade. Neste senso, as hipotecas, débedas ou créditos contraídos polos antigos municipios serán liquidados polo novo de acordo coa normativa vixente.





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Procedemento de fusión voluntaria dos Concellos de Cotoade e Cerdedo

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réximen local
Ley 5/1997 do 22 de xullo reguladora da administración local de Galicia
Lei 7/1996 do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal
Lei 38/1988 do 28 de decembro de demarcación e de planta xudicial
Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo polo que se aproba o regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
Real Decreto 382/1986 do 10 de febreiro polo que se crea, organiza e regula o funcionamento do rexistro de entidades locais.
Directrices de ordenación do territorio de Galicia
Decreto 65/1997 de 20 de febreiro polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia

FUNDAMENTOS XURIDICOS


O artigo 13 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réximen local establece que,

1.A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, regularanse pola lexislación das Comunidades Autónomas sobre réxime local, sen que a alteración de termos municipais poida supoñer, en ningún caso, modificación dos límites provinciais. Requirirán en todo caso audiencia dos municipios interesados e ditame do Consello de Estado ou do órgano consultivo superior dos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas, se existir, así como informe da Administración que exerza a tutela financeira. Simultaneamente á petición deste ditame darase coñecemento á Administración Xeral do Estado.

2. A creación de novos municipios só poderá realizarse sobre a base de núcleos de poboación territorialmente diferenciados, de polo menos 5.000 habitantes e sempre que os municipios resultantes sexan financeiramente sustentables, contén con recursos suficientes para o cumprimento das competencias municipais e non supoña diminución na calidade dos servizos que viñan sendo prestados.

3.Sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas, o Estado, atendendo a criterios xeográficos, sociais, económicos e culturais, poderá establecer medidas que tendan a fomentar a fusión de municipios co fin de mellorar a capacidade de xestión dos asuntos públicos locais.

4.Os municipios, con independencia da súa poboación, lindeiros dentro da mesma provincia



poderán acordar a súa fusión mediante un convenio de fusión, sen prexuízo do procedemento previsto na normativa autonómica. O novo municipio resultante da fusión non poderá segregarse ata transcorridos dez anos desde a adopción do convenio de fusión.

O procedemento previsto pola lexislación autonómica para levar a cabo a fusión de municipios regúlase nos artigos 18 a 20 e 23 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galicia

O artigo 18 da Lei 5/1997 do 22 de xullo establece que,

1. Enténdese por fusión de dous ou máis municipios o resultado da unión dos mesmos, de forma que se produza a desaparición de todos eles, creándose un novo cuxo ámbito territorial e poboación correspóndase coa suma dos municipios fusionados.

2. Como consecuencia da fusión, o novo ente creado poderá manter a denominación de calquera dos municipios orixinarios ou establecer unha nova.

3. O novo municipio poderá fixar a súa capitalidade en calquera núcleo do termo resultante.

4. Tanto a denominación como a capitalidade do municipio resultante dun proceso de fusión deberán ser propostas desde o comezo do procedemento por parte dos municipios orixinarios.

O artigo 19 da Lei 5/1997 do 22 de xullo establece que,

Poderá realizarse a fusión cando se dea algún dos seguintes requisitos:

a) Cando se confundan núcleos de poboación que sexan capitalidade dos respectivos municipios.


b) Cando separadamente carezan os municipios de recursos suficientes para atender os servizos mínimos esixidos polos artigos 81 da presente Lei e 26.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local ou os que en cada momento determine a normativa aplicable.

c) Cando existan notorios motivos de necesidade ou conveniencia económica ou administrativa ou consideracións de orde xeográfica e demográfica.

d) Cando do proceso de fusión derívense importantes vantaxes para os municipios afectados no que a prestación de servizos refírese e así sexa estimado polos municipios fusionados.

O artigo 20 da Lei 5/1997 do 22 de xullo establece que,

No suposto de concorrer algunha das circunstancias previstas nos apartados b) e d) do artigo





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

anterior, o expediente de fusión poderá iniciarse a instancia dos municipios interesados ou de oficio por parte da Xunta de Galicia. No caso do apartado b), a Xunta de Galicia garantirá o investimento para o primeiro establecemento dos servizos mínimos.

O artigo 32 da Lei 5/1997 do 22 de xullo determina que,

1.As alteracións de termos municipais poderán, así mesmo, ser tramitadas, con carácter voluntario, polos Concellos interesados. En tal caso, **o expediente será iniciado polos acordos dos respectivos Concellos**, adoptados co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

2.Os acordos someteranse a **información pública** por prazo non inferior a **trinta días**.

3.**Finalizado o período de información pública, os Concellos adoptarán novo acordo, coa mesma maioría que no acordo de iniciación, no que se resolverá sobre a procedencia da alteración e, no seu caso, sobre as reclamacións presentadas.**

4.Se os acordos fosen **favorables á alteración**, elevarase o expediente á **Consellería competente en materia de réxime local**.

O artigo 34 da Lei 5/1997 do 22 de xullo determina que deberán incorporarse aos expedientes de alteracións de termos municipais os seguintes documentos, sen prexuízo de cantos outros se estimen oportunos:

a)Plano do termo ou termos municipais que vaian ser obxecto de alteración, con sinalamento, no seu caso, dos novos límites ou liña divisoria dos municipios. **Consta no expediente.**

b)Informe no que se xustifique que concorren as motivacións necesarias para levar ao cabo a alteración que se propón. **Consta no expediente.**


c)Memoria xustificativa de que as alteracións non mingúan a solvencia dos municipios a que afectan, en prexuízo dos acredores. **Consta. Non obstante na mesma non se aborda esta cuestión.**

2.Así mesmo, achegaranse as estipulacións xurídicas e económicas que se propoñen, entre as que deberán figurar, cando procedan:

a) A formá de liquidar as débedas ou créditos contraídos por cada municipio.

b) As fórmulas de administración de bens e xestión de servizos.

c) Calquera outras que conveñan aos municipios afectados respecto das obrigacións, dereitos e intereses de cada un.



Constan estipulacións e convenio de fusión.

O artigo 36 b) da Lei 5/1997 do 22 de xullo determina que instruído o expediente de alteración de termos municipais, e a efectos de que emitan o informe que estimen oportuno, darase audiencia no prazo dun mes a:

b)As Deputacións Provinciais no caso de que as alteracións de termos municipais fosen tramitadas, con carácter voluntario, polos Concellos interesados ou promovidas polos veciños residentes na parte ou partes que haxan de segregarse.

O artigo 37 da Lei 5/1997 do 22 de xullo establece que

1.Recibidos os informes a que se refire o artigo anterior ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen evacuados, a Consellería competente en materia de réxime local elevará o expediente á Comisión Galega de Delimitación Territorial para que emita informe e elaborará proposta de resolución. A estes efectos, dita Consellería poderá solicitar a todas as administracións públicas que considere precisas cuantos datos estime necesarios coa finalidade de dispoñer dos elementos obxectivos suficientes para a elaboración da proposta de resolución.

2.O informe e a proposta de resolución a que se refire o apartado anterior serán remitidos, xunto co expediente, pola Consellería competente en materia de réxime local, para ditame, ao Consello Consultivo de Galicia.

O artigo 38 da Lei 5/1997 do 22 de xullo determina que


1.A resolución definitiva do procedemento farase por Decreto do Consello da Xunta de Galicia, do que se dará traslado á Administración do Estado para os efectos previstos no artigo 14.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

2.As resolucións definitivas dos expedientes de alteración de termos municipais deberán conter, no seu caso:

- a)Nome do novo municipio.
- b) Núcleo en que se situará a capitalidade.
- c)Novos límites dos termos municipais afectados.
- d)Poboación e parroquias dos termos municipais afectados.
- e)Aprobación das estipulacións xurídicas e económicas acordadas.

3.A resolución publicárase no «Diario Oficial de Galicia», no «Boletín Oficial» da provincia correspondente e no «Boletín Oficial do Estado».

A creación do novo ente deberá inscribirse no Rexistro de Entidades Locales de acordo co





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

procedemento previsto no Real Decreto 382/1986 do 10 de febreiro.

O artigo 39 da Lei 6/1997 do 22 de xullo di que,

Nos casos de creación de novos municipios ou de alteración de termos municipais durante o período que medie entre eleccións municipais, observaranse as seguintes normas:

1.^aEn caso da fusión de dúas ou máis municipios limítrofes, cesarán todos os Alcaldes e Concelleiros e será designada unha Comisión Xestora pola Consellería da Xunta competente en materia de réxime local, integrada por un número de vogais xestores igual ao que lle correspondese de Concelleiros segundo a poboación total resultante do novo municipio. A designación farase seguindo os mesmos criterios de repartición utilizados para as eleccións municipais e segundo os resultados producidos nas mesmas no conxunto dos municipios afectados.

Ao municipio resultante desta fusión seralle de aplicación o seguinte:

a)O coeficiente de ponderación que resulte de aplicación de acordo co artigo 124.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo incrementárase en 0,10.

b)O esforzo fiscal e o inverso da capacidade tributaria que lle corresponda en ningún caso poderá ser inferior ao máis elevado dos valores previos que tivesen cada municipio por separado antes da fusión de acordo co artigo 124.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

c)O seu financiamento mínimo será a suma dos financiamientos mínimos que tivese cada municipio por separado antes da fusión de acordo co artigo 124.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

d)Da aplicación das regras contidas nas letras anteriores non poderá derivarse, para cada exercicio, un importe total superior ao que resulte do disposto no artigo 123 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

e)Sumaranse os importes das compensacións que, por separado, corresponden aos municipios que se fusionen e que se derivan da reforma do Imposto sobre Actividades Económicas da disposición adicional décima da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de Reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, actualizadas nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en cada exercicio respecto de 2004, así como a compensación adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, de 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en cada exercicio respecto de 2006.



423

f) Queda dispensado de prestar novos servizos mínimos dos previstos no artigo 26 que lle corresponda por razón do seu aumento poboacional.

g) Durante, polo menos, os cinco primeiros anos desde a adopción do convenio de fusión, terá preferencia na asignación de plans de cooperación local, subvencións, convenios ou outros instrumentos baseados na concorrência. Este prazo poderá prorrogarse pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

A fusión conlevará:

a) **A integración dos territorios, poboacións e organizacións dos municipios, incluíndo os medios persoais, materiais e económicos, do municipio fusionado.** A estes efectos, o Pleno de cada Corporación aprobará as medidas de redimensionamiento para a adecuación das estruturas organizativas, inmobiliarias, de persoal e de recursos resultantes da súa nova situación. **Da execución das citadas medidas non poderá derivarse incremento algún da masa salarial nos municipios afectados.**

b) O órgano do goberno do novo municipio resultante estará constituído transitoriamente pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados nos termos previstos na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral.


c) Se se acordase no Convenio de fusión, cada un dos municipios fusionados, ou algún deles poderá funcionar como forma de organización desconcentrada de conformidade co previsto no artigo 24 bis.

d) **O novo municipio se subrogará en todos os dereitos e obrigacións dos anteriores municipios, sen prexuízo do previsto na letra e).**

e) Se un dos municipios fusionados estivese en situación de déficit poderanse integrar, por acordo dos municipios fusionados, as obrigacións, bens e dereitos patrimoniais que se consideren liquidables nun fondo, sen personalidade xurídica e con contabilidade separada, adscrito ao novo municipio, que designará un liquidador ao que lle corresponderá a liquidación deste fondo. Esta liquidación deberá levar a cabo durante os cinco anos seguintes desde a adopción do convenio de fusión, sen prexuízo dos posibles dereitos que poidan corresponder aos acredores. A aprobación das normas ás que terá que axustarse a contabilidade do fondo corresponderá ao Ministro de Facenda e Administracións Públicas, a proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado.

f) O novo municipio aprobará un novo orzamento para o exercicio orzamentario seguinte á adopción do convenio de fusión.

5. As Deputacións provinciais ou entidades equivalentes, en colaboración coa Comunidade





CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

Autónoma, coordinarán e supervisarán a integración dos servizos resultantes do proceso de fusión.

6.O convenio de fusión deberá ser aprobado por **maioría simple** de cada un dos plenos dos municipios fusionados. A adopción dos acordos previstos no artigo 47.2, sempre que traian causa dunha fusión, será por maioría simple dos membros da corporación.

En relación ao expediente concreto cabe decir que consta,

-Plano do novo termo municipal.

-Informe xustificativo da concorrencia das motivacións necesarias para levar a cabo a fusión de municipios de Cerdedo e CotoBade

-Memoria xustificativa de que a fusión non mingua a solvencia dos municipios e estipulacións xurídicas e económicas que se propoñen

-Proposta da Alcaldía acompañando a proposta de convenio de fusión exixible polo artigo 13.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Síñalase como motivación para levar a cabo a fusión "*o disposto no art. 19 letra d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia xa que do proceso de fusión derivaranse importantes vantaxes para os municipios afectados no que á prestación de servizos se refire e na letra c) dado que existen tamén notorias consideracións de orde xeográfica e demográfica*".

Os informes que se incorporan ao expediente recollen consideracións de índole xeográfico, demográfico e de aspecto económico con datos correspondentes aos dous Concellos que se propón fusionar, considerando viable e beneficiosa a alteración que se plantea e a situación de superávit dos Concellos a fusionar no exercicio de 2014.

O primeiro que cabe apuntar é que o informe xustificativo ven asinado pola alcaldía **sen que conste aval técnico que confirme a vixencia e exactitude dos datos que se incorporan, nen a sustentabilidade financeira da fusión e memoria xustificativa de que a alteración non mingua a solvencia dos municipios a que afectan, en prexuízo de acredores non se detalla. A estes efectos debe lembrarse que o artigo 13 da Lei 7/1985 do 2 de abril exige a incorporación ao expediente do informe da Administración que exerza a tutela financeira.**

Cúmprese a esixencia establecida no artigo 18.4 da Lei 5/1997 do 22 de xullo que establece que tanto a **denominación como a capitalidade do municipio** resultante dun proceso de fusión **deberán ser propostas desde o comezo do procedemento por parte dos municipios orixinais.** (Na proposta de Convenio de fusión establécese a denominación de "Cerdedo-CotoBade" para o novo municipio e a capitalidade para a parroquia de Carballedo).

P3601200C



Prevé o Convenio de fusión que o novo municipio se subroga en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios, recollendo a literalidade da Lei.

En materia de persoal respétase a clasificación do persoal funcionario con habilitación de carácter nacional determinada polo artigo 3.1 b) e e) do Decreto 49/2009 do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (secretaría e intervención de clase segunda reservados á categoría de entrada), en función da poboación do novo municipio, aplicando o artigo 13.1 g) da Lei 5/1997 do 22 de xullo tras a modificación feita pola Lei 13/2015 do 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas que determina que,

“g) No suposto de fusións municipais e no caso de existir varios habilitados nacionais con posto en propiedade no ámbito dos concellos fusionados, aplicaranse as seguintes regras:

–Se o municipio resultante tiver menos de 5.000 habitantes e unicamente precisar da asistencia dun habilitado nacional, permanecerá no posto o que teña a praza en propiedade. O resto quedará na situación de expectativa de nomeamento ou deberá incorporarse ao posto onde sexa titular. No caso de que existan varios coa súa praza en propiedade, permanecerá no posto o que teña maior puntuación no baremo de méritos estatais. O resto deberá ser transferido á Comunidade Autónoma e integrado como persoal desta na categoría de técnico de administración xeral ou optar por quedar na situación de expectativa de nomeamento.

–Se o municipio resultante tiver máis de 5.000 habitantes

Se o municipio resultante tiver máis de 5.000 habitantes e precisar cubrir varios postos de habilitados nacionais, a Comunidade Autónoma procederá a clasificar os postos e función da categoría á que pertencen e da puntuación do baremo de méritos estatais. No caso de existir máis habilitados que postos para distribuír, aplicarase o procedemento anterior e deberán ser transferidos á Comunidade Autónoma.”.

Créase un posto de tesourería tras a modificación da disposición transitoria séptima da Lei 27/2013 do 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local por parte da Lei 18/2015 do 9 de xullo pola que se modifica a Lei 37/2007 do 16 de novembro sobre reutilización da información do sector público.

Determinase na proposta de Convenio de fusión que “o resto de funcionarios e persoal laboral dos municipios fusionados pasarán con todos os seus dereitos e obrigas, a formar parte do novo municipio”, de acordo co disposto no artigo 13.4 a) da Lei 7/1985 do 2 de abril que establece que a fusión conlevará a integración dos territorios, poboacións e organizacións dos municipios, incluíndo os **medios persoais**, materiais e económicos, do municipio fusionado.

Non se prevén medidas para o redimensionamento para a adecuación das estruturas



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

organizativas, inmobiliarias, de persoal e de recursos resultantes da súa nova situación ás que fai referencia o artigo que se cita no parágrafo anterior.

Prevese que o novo municipio estea constituído de forma transitoria pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados, e que se subroga en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios consonte ás previsións establecidas polos artigos 13.4 b) e d) da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Advírtense contradicións entre o disposto no Convenio de fusión que advirte de que, *"A sede institucional localizarase na capitalidade onde será instalada a Casa Consistorial, mantendo unha sede administrativa na localidade de Cerdedo para a atención diaria aos veciños."* e nas estipulacións xurídicas que fan alusión a que, *"A Casa do Concello terá dúas sedes. A sede ordinaria, onde habitualmente celebraranse as sesións dos órganos municipais, será a do actual municipio de Cotobade. A outra sede radicará na Casa do Concello do actual municipio de Cerdedo e nela poderán celebrarse aquelas sesións que afecten especialmente aos intereses do antigo municipio de Cerdedo así como aquelas outras nas que así se decida. En calquera caso, na sede da Casa do Concello do actual municipio de Cerdedo celebraranse, polo menos, cada ano natural dúas sesións plenarias e seis da Xunta de Goberno Local."*

A este respecto cabe apuntar a que o artigo 13 c) da Lei 7/1985 do 2 de abril establece que se se acordara no Convenio de fusión, cada un dos municipios fusionados, ou algún deles poderá funcionar como forma de organización desconcentrada de conformidade co previsto no artigo 24 bis, artigo que se ocupa dos entes de ámbito territorial inferior ao municipio.

Enténdese que se ben é posible desconcentrar a prestación de determinados servizos, a sede da Casa Consistorial debe ubicarse no Concello que ostente a capitalidade.


En relación á ubicación xeográfica da nova entidade cabería apuntar:

Que o Concello de Cotobade atópase incluído no Consorcio Conca do Lérez, xunto cos Concellos de Campo Lameiro e Cerdedo.

Non obstante o anterior o artigo 6 da Lei 10/1995 do 23 de novembro de ordenación do territorio de Galicia configura ás Directrices de Ordenación do Territorio como instrumento para definir as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da Comunidade.

Neste sentido o Pleno do Concello de Cotobade en sesión de 26.08.2010 presentou alegacións á aprobación inicial das Directrices de Ordenación do Territorio incidindo na inclusión do Concello de Cotobade no espazo metropolitano Pontevedra-Vigo (Vigo-Pontevedra. A Rexión urbana das Rías Baixas.).

Deste xeito o Concello de Cotobade atópase incluído na Mancomunidade Terras de Pontevedra e no partido xudicial da capital da provincia.



De igual maneira o Decreto 65/1997 de 20 de febreiro polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia inclúe a Cotobade na comarca de Pontevedra, que comprende os Concellos de Barro, Campo Lameiro, Cotobade, Lama (A), Poio, Ponte-Caldelas, Pontevedra e Vilaboa e a Cerdedo no de Tabeirós-Terra de Montes que comprende os Concellos de Cerdedo, Estrada (A) e Forcarei.

Son cuestións que, se entende, deberán ser tidas en conta por parte dos promotores da fusión e pola propia Comunidade Autónoma en tanto responsable das competencias en materia de ordenación do territorio ao longo do expediente.

Cabe sulñar, ademáis que a Lei 38/1988 do 28 de decembro de demarcación de e de planta xudicial sitúa aos Concellos de Cotobade e Cerdedo en partidos xudiciais independentes (Pontevedra e A Estrada respectivamente) polo que a proposta de fusión afecta tamén neste sentido.

O artigo 4.3 c) desta Lei determina que a modificación dos límites dos municipios actuais comporta a adaptación automática da demarcación xudicial á nova delimitación xeográfica.

Aos efectos do previsto no parágrafo anterior, seguiranse as seguintes regras:


c)Cando se incorporen ou fusionen dous ou máis municipios pertencentes a distintos partidos xudiciais, o municipio resultante integrárase no partido xudicial ao que correspondía o municipio que tivera maior poboación de dereito entre os afectados (neste caso, Cotobade).

O réxime de maiorías para a adopción dos acordos dos expedientes de fusión veuse alterado pola Lei 27/2013 do 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, posterior á Lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galicia, que veu modificar a redacción da Lei 7/1985 de bases de réxime local, de carácter básico ao establecer no seu artigo 13.6 que o convenio de fusión deberá ser aprobado por maioría simple de cada uno de los plenos de los municipios fusionados a adopción dos acordos previstos no artigo 47.2, sempre que traigan causa dunha fusión, será por maioría simple dos membros da Corporación.

CONCLUSIÓNS:

1.O procedemento para a fusión voluntaria entre os municipios de Cotobade e Cerdedo deberá observar a totalidade de requisitos e recabar os informes establecidos na lexislación básica de réxime local e na lexislación de administración local de Galicia que se detallan no presente informe.

Os informes que se incorporan ao expediente recollen consideracións de índole xeográfico,





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 - Fax. 986 76 01 30

demográfico e de aspecto económico con datos correspondentes aos dous Concellos que se propón fusionar, considerando viable e beneficiosa a alteración que se plantea e determinando a situación de superávit dos dous Concellos no exercicio de 2014. Non obstante, non consta **aval técnico** que confirme a **exactitude e vixencia** dos datos que se incorporan, a da sustentabilidade financeira da fusión e unha memoria xustificativa de que a alteración non mingua a solvencia dos municipios a que afectan, en prexuízo de acredores.

Debe lembrarse, a estes efectos, que o artigo 13 da Lei 7/1985 do 2 de abril exige a incorporación ao expediente do informe da Administración que exerza a tutela financeira e dar conta desta cuestión á Administración Xeral do Estado.

3.A proposta de fusión que se plantea unifica dous Concellos emprazados en comarcas diferenciadas (Pontevedra e Tabeirós - Terra de Montes) e en partidos xudiciais distintos (Pontevedra e A Estrada) cuestión que se deberá ter en conta na tramitación do expediente por parte dos organismos con competencia na materia.

Do que se informa en virtude do disposto no artigo 172 do Real Decreto 1372/1986 do 28 de novembro.

Cotoade 25 de febreiro de 2016

O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

PROPOSTA DA ALCALDÍA

A vista da documentación que obra no expediente de conformidade co disposto no art. 34 da Lei de Administración Local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo, constituída polos seguintes documentos:

- Planos dos termos municipais obxecto de fusión co sinalamento da nova liña divisoria do municipio resultante
- Informe xustificativo da concorrencia das motivacións necesarias para levar a cabo a fusión que se propón
- Memoria xustificativa de que a fusión non supón mengua na solvencia dos municipios afectados, en prexuízo dos acreedores
- Estipulacións xurídicas e económicas que se propoñen

A vista do informe preceptivo do secretario que sinala o procedemento e a lexislación aplicable de 25.02.2016 e polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro – Iniciar de acordo co establecido no art. 32 da lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, procedemento para a fusión voluntaria entre os municipios de Cerdedo e Cotoade co obxecto de constituír un novo, con base na anterior documentación e fundamentado no disposto no art. 19 letra d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia xa que do proceso de fusión derivaranse importantes vantaxes para os municipios afectados no que á prestación de servizos se refire e na letra c) dado que existen tamén notorias consideracións de orde xeográfica e demográfica.

Segundo – Acordar que a denominación do novo municipio sexa Cerdedo-Cotoade, establecendo a súa capitalidade en Carballedo. A sede institucional localizarase na capitalidade, onde instalarase a Casa Consistorial mantendo unha sede administrativa na localidade de Cerdedo para atención diaria aos veciños.

Terceiro – Asinar o convenio de fusión de conformidade co disposto no artigo 13 da LBRL, e no artigo 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, solicitando do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e da Xunta de Galicia a aplicación de todos os beneficios recollidos en ambos preceptos.

Cuarto – O órgano de goberno do novo municipio estará constituído pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados, de forma transitoria, e ata a a celebración de eleccións municipais nas que se elixirá a corporación que proceda de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Quinto – O novo municipio subrogarase en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios.

Sexto – Asinar a proposta de convenio de fusión que se acompaña como anexo ao abeiro do disposto no art. 13 da LBRL e solicitar ao Ministerio de Facenda e AAPP a aplicación de todos os beneficios recollidos nel.

“ANEXO

CONVENIO DE FUSIÓN CERDEDO-COTOBADA

Exposición de motivos

O presente convenio realízase co obxectivo de manter e no posible mellorar a prestación de servizos nas condicións existentes nos concellos actuais de Cerdedo e Cotobade, reducindo, na medida do posible, os custos para os veciños.

Preténdese conseguir un municipio sostible, con capacidade de xestión, e dotado de maior autonomía de decisión. En definitiva, un municipio capaz de responder as demandas realizadas polos veciños como manifestación do exercicio democrático.

O obxectivo fundamental que se persegue é o de garantir para os cidadáns dos dous concellos un servizos públicos municipais de calidade, baseados na eficacia e eficiencia na xestión dos mesmos, e sobre todo, asegurando o seu mantemento e mellora para os vindeiros anos.

A continua perda de poboación, que dende longo tempo veñen sufrindo ámbolos dous concellos, lastrará inevitablemente o seu futuro debido a menor dispoñibilidade de recursos económicos. Consecuencia directa deste feito é o encarecemento da prestación de servizos públicos, primeiro para a administración, e posteriormente para os veciños que, inexorablemente se verán sometidos a unha política de continuos axustes e reducións que implicará de xeito ineludible a supresión dalgún dos servizos existentes.

En base ao anterior e ao abeiro do disposto no art. 13 da LBRL,

D. Jose Silvestre Balseiros Guinarte, en representación do Concello de Cerdedo e D. Jorge Cubela López, en representación do Concello de Cotobade asinan o seguinte convenio:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA – Os municipios de Cerdedo e Cotobade acordan fusionarse nun novo municipio denominado Cerdedo-Cotobade con capitalidade na parroquia de Carballedo.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

SEGUNDA – A sede institucional localizarase na capitalidade onde será instalada a Casa Consistorial, mantendo unha sede administrativa na localidade de Cerdedo para a atención diaria aos veciños.

TERCEIRA – O órgano de goberno do novo municipio estará constituído pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados, de forma transitoria, e ata a a celebración de eleccións municipais nas que se elixirá a corporación que proceda de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

CUARTA – O novo municipio subrogarase en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios.

QUINTA – O escudo e bandeira municipais do novo municipio deberán respectar a identidade dos antigos municipios de Cerdedo e Cotobade mantendo, de ser posible, os seus respectivos símbolos e signos de identidade.

SEXTA – Crearanse os seguintes postos de habilitados nacionais: secretaría de entrada, intervención de entrada e tesouraría.

Os postos serán clasificados pola Comunidade Autónoma no mesmo decreto de fusión e adxudicados aos habilitados que actualmente exercen as súas funcións no Concello de Cotobade:

Secretaría de entrada (clase segunda): D. Miguel Rodríguez de Vicente – Tutor (ocupado en propiedade)

Intervención de entrada (clase segunda): D^a Sonia David Cortegoso (ocupado en propiedade)

Tesouraría: Vacante

Desaparece o posto de secretario-interventor do Concello de Cerdedo e o funcionario que actualmente desempeña o posto en propiedade será transferido á Comunidade Autónoma conforme ao disposto no art. 59 da Lei 13/2015 do 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas que modifica o art. 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.


O resto de funcionarios e persoal laboral dos municipios fusionados pasarán con todos os seus dereitos e obrigas, a formar parte do persoal do novo municipio.

SÉTIMA – Todos os ingresos que procedan da Comunidade Autónoma como consecuencia da fusión neste exercicio económico serán reinvertidos no territorio dos dous municipios de forma que, na medida do posible un 50% sexa a partes iguais entre os dous concellos e o outro 50% de xeito lineal a razón da poboación existente en cada un.”

Sétimo – Este acordo será sometido a información pública polo prazo de trinta días a contar desde a última publicación do correspondente anuncio no BOP e no DOG a fin de que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes.

Cotobade 25 de febreiro de 2016

O Alcalde
Jorge Cubela López





CONCELLO DE COTOBADÉ

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADÉ (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor, Secretario do Concello de Cotobade, (Pontevedra)

CERTIFICO:

Que a Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Patrimonio, Interior e Medio Ambiente en sesión celebrada o 29.02.2016 emitiu, por tres votos a favor (PP) e dúas abstencións (PsdeG-PSOE), o ditame favorable que a continuación se transcribe literalmente:

“A vista da documentación que obra no expediente de conformidade co disposto no art. 34 da Lei de Administración Local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo, constituída polos seguintes documentos:

- *Planos dos termos municipais obxecto de fusión co sinalamento da nova liña divisoria do municipio resultante*
- *Informe xustificativo da concorrencia das motivacións necesarias para levar a cabo a fusión que se propón*
- *Memoria xustificativa de que a fusión non supón mengua na solvencia dos municipios afectados, en prexuízo dos acreedores*
- *Estipulacións xurídicas e económicas que se propoñen*

A vista do informe preceptivo do secretario que sinala o procedemento e a lexislación aplicable de 25.02.2016 e polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte,


ACORDO:

Primeiro – Iniciar de acordo co establecido no art. 32 da lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, procedemento para a fusión voluntaria entre os municipios de Cerdedo e Cotobade co obxecto de constituir un novo, con base na anterior documentación e fundamentado no disposto no art. 19 letra d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia xa que do proceso de fusión derivaranse importantes vantaxes para os municipios afectados no que á prestación de servizos se refire e na letra c) dado que existen tamén notorias consideracións de orde xeográfica e demográfica.

Segundo – Acordar que a denominación do novo municipio sexa Cerdedo-Cotobade, establecendo a súa capitalidade en Carballedo. A sede institucional localizarase na capitalidade, onde instalarase a Casa Consistorial mantendo unha sede administrativa na localidade de Cerdedo para atención diaria aos veciños.

Terceiro – Asinar o convenio de fusión de conformidade co disposto no artigo 13 da LBRL, e no artigo 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, solicitando do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e da Xunta de Galicia a aplicación de todos os beneficios recollidos en ambos preceptos.

Cuarto – O órgano de goberno do novo municipio estará constituído pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados, de forma transitoria, e ata a celebración de eleccións municipais nas que se



elixirá a corporación que proceda de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Quinto – O novo municipio subrogarase en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios.

Sexto – Aprobar a proposta de convenio de fusión que se acompaña como anexo ao abeiro do disposto no art. 13 da LBRL e solicitar ao Ministerio de Facenda e AAPP a aplicación de todos os beneficios recollidos nel.

“ANEXO

CONVENIO DE FUSIÓN CERDEDO-COTOBADA

Exposición de motivos

O presente convenio realízase co obxectivo de manter e no posible mellorar a prestación de servizos nas condicións existentes nos concellos actuais de Cerdedo e Cotobade, reducindo, na medida do posible, os custos para os veciños.

Preténdese conseguir un municipio sostible, con capacidade de xestión, e dotado de maior autonomía de decisión. En definitiva, un municipio capaz de responder as demandas realizadas polos veciños como manifestación do exercicio democrático.

O obxectivo fundamental que se persegue é o de garantir para os cidadáns dos dous concellos un servizos públicos municipais de calidade, baseados na eficacia e eficiencia na xestión dos mesmos, e sobre todo, asegurando o seu mantemento e mellora para os vindeiros anos.


A continua perda de poboación, que dende longo tempo veñen sufrindo ámbolos dous concellos, lastrará inevitablemente o seu futuro debido a menor dispoñibilidade de recursos económicos. Consecuencia directa deste feito é o encarecemento da prestación de servizos públicos, primeiro para a administración, e posteriormente para os veciños que, inexorablemente se verán sometidos a unha política de continuos axustes e reducións que implicará de xeito ineludible a supresión dalgún dos servizos existentes.

En base ao anterior e ao abeiro do disposto no art. 13 da LBRL,

D. Jose Silvestre Balseiros Guinarte, en representación do Concello de Cerdedo e D. Jorge Cubela López, en representación do Concello de Cotobade asinan o seguinte convenio:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA – Os municipios de Cerdedo e Cotobade acordan fusionarse nun novo municipio denominado Cerdedo-Cotobade con capitalidade na parroquia de Carballedo.





CONCELLO DE COTOADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

SEGUNDA – A sede institucional localizarase na capitalidade onde será instalada a Casa Consistorial, mantendo unha sede administrativa na localidade de Cerdedo para a atención diaria aos veciños.

TERCEIRA – O órgano de goberno do novo municipio estará constituído pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados, de forma transitoria, e ata a a celebración de eleccións municipais nas que se elixirá a corporación que proceda de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

CUARTA – O novo municipio subrogarase en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios.

QUINTA – O escudo e bandeira municipais do novo municipio deberán respectar a identidade dos antigos municipios de Cerdedo e Cotoade mantendo, de ser posible, os seus respectivos símbolos e signos de identidade.

SEXTA – Crearanse os seguintes postos de habilitados nacionais: secretaría de entrada, intervención de entrada e tesouraría.

Os postos serán clasificados pola Comunidade Autónoma no mesmo decreto de fusión e adxudicados aos habilitados que actualmente exercen as súas funcións no Concello de Cotoade:

Secretaría de entrada (de clase segunda): D. Miguel Rodríguez de Vicente – Tutor (ocupado en propiedade)

Intervención de entrada (de clase segunda): D^a Sonia David Cortegoso (ocupado en propiedade)

Tesouraría: Vacante

Desaparece o posto de secretario-interventor do Concello de Cerdedo e o funcionario que actualmente desempeña o posto en propiedade será transferido á Comunidade Autónoma conforme ao disposto no art. 59 da Lei 13/2015 do 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas que modifica o art. 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

O resto de funcionarios e persoal laboral dos municipios fusionados pasarán con todos os seus dereitos e obrigas, a formar parte do persoal do novo municipio.

SÉTIMA – Todos os ingresos que procedan da Comunidade Autónoma como consecuencia da fusión neste exercicio económico serán reinvertidos no territorio dos dous municipios de forma que, na medida do posible un 50% sexa a partes iguais entre os dous concellos e o outro 50% de xeito lineal a razón da poboación existente en cada un.”

Sétimo – Este acordo será sometido a información pública polo prazo de trinta días a contar desde a última publicación do correspondente anuncio no BOP e no DOG a fin de que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes.”




56

E, para que conste e surta efectos no expediente da súa razón, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en Cotobade, ó abeiro do disposto no artigo 206 do R.O.F. a 29 de febreiro de 2016.

Vº e Prace

O Alcalde


Jorge Cabela López



O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor





CONCELLO DE COTOBADÉ

Chan, 11 – Carballado 36856 COTOBADÉ (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor, Secretario do Concello de Cotobade, (Pontevedra)

CERTIFICO:

Que o Pleno en sesión celebrada o 03 de marzo de 2016 emitiu, por sete votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do Partido Popular (PP) e catro votos en contra dos concelleiros integrados no grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español (PsdeG-PSOE) adoptou o seguinte,

ACORDO:

“A vista da documentación que obra no expediente de conformidade co disposto no art. 34 da Lei de Administración Local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo, constituída polos seguintes documentos:

- *Planos dos termos municipais obxecto de fusión co sinalamento da nova liña divisoria do municipio resultante*
- *Informe xustificativo da concorrencia das motivacións necesarias para levar a cabo a fusión que se propón*
- *Memoria xustificativa de que a fusión non supón mengua na solvencia dos municipios afectados, en prexuízo dos acreedores*
- *Estipulacións xurídicas e económicas que se propoñen*

A vista do informe preceptivo do secretario que sinala o procedemento e a lexislación aplicable de 25.02.2016 e polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro – Iniciar de acordo co establecido no art. 32 da lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, procedemento para a fusión voluntaria entre os municipios de Cerdedo e Cotobade co obxecto de constituír un novo, con base na anterior documentación e fundamentado no disposto no art. 19 letra d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia xa que do proceso de fusión derivaranse importantes vantaxes para os municipios afectados no que á prestación de servizos se refire e na letra c) dado que existen tamén notorias consideracións de orde xeográfica e demográfica.

Segundo – Acordar que a denominación do novo municipio sexa Cerdedo-Cotobade, establecendo a súa capitalidade en Carballado. A sede institucional localizarase na capitalidade, onde instalarse a Casa Consistorial mantendo unha sede administrativa na localidade de Cerdedo para atención diaria aos veciños.

Terceiro – Asinar o convenio de fusión de conformidade co disposto no artigo 13 da LBRL, e no artigo 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, solicitando do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e da Xunta de Galicia a aplicación de todos os beneficios recollidos en ambos preceptos.



Cuarto – O órgano de goberno do novo municipio estará constituído pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados, de forma transitoria, e ata a a celebración de eleccións municipais nas que se elixirá a corporación que proceda de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Quinto – O novo municipio subrogarase en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios.

Sexto – Aprobar a proposta de convenio de fusión que se acompaña como anexo ao abeiro do disposto no art. 13 da LBRL e solicitar ao Ministerio de Facenda e AAPP a aplicación de todos os beneficios recollidos nel.

"ANEXO

CONVENIO DE FUSIÓN CERDEDO-COTOBADA

Exposición de motivos

O presente convenio realízase co obxectivo de manter e no posible mellorar a prestación de servizos nas condicións existentes nos concellos actuais de Cerdedo e Cotobade, reducindo, na medida do posible, os custos para os veciños.

Preténdese conseguir un municipio sostible, con capacidade de xestión, e dotado de maior autonomía de decisión. En definitiva, un municipio capaz de responder as demandas realizadas polos veciños como manifestación do exercicio democrático.

O obxectivo fundamental que se persegue é o de garantir para os cidadáns dos dous concellos un servizo público municipal de calidade, baseados na eficacia e eficiencia na xestión dos mesmos, e sobre todo, asegurando o seu mantemento e mellora para os vindeiros anos.


A continua perda de poboación, que dende longo tempo veñen sufrindo ámbolos dous concellos, lastrará inevitablemente o seu futuro debido a menor dispoñibilidade de recursos económicos. Consecuencia directa deste feito é o encarecemento da prestación de servizos públicos, primeiro para a administración, e posteriormente para os veciños que, inexorablemente se verán sometidos a unha política de continuos axustes e reducións que implicará de xeito ineludible a supresión dalgún dos servizos existentes.

En base ao anterior e ao abeiro do disposto no art. 13 da LBRL,

D. Jose Silvestre Balseiros Guinarte, en representación do Concello de Cerdedo e D. Jorge Cubela López, en representación do Concello de Cotobade asinan o seguinte convenio:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA – Os municipios de Cerdedo e Cotobade acordan fusionarse nun novo municipio denominado Cerdedo-Cotobade con capitalidade na parroquia de Carballedo.





CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

SEGUNDA – A sede institucional localizarase na capitalidade onde será instalada a Casa Consistorial, mantendo unha sede administrativa na localidade de Cerdedo para a atención diaria aos veciños.

TERCEIRA – O órgano de goberno do novo municipio estará constituído pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados, de forma transitoria, e ata a a celebración de eleccións municipais nas que se elixirá a corporación que proceda de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

CUARTA – O novo municipio subrogarase en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios.

QUINTA – O escudo e bandeira municipais do novo municipio deberán respectar a identidade dos antigos municipios de Cerdedo e Cotobade mantendo, de ser posible, os seus respectivos símbolos e signos de identidade.

SEXTA – Crearanse os seguintes postos de habilitados nacionais: secretaría de entrada, intervención de entrada e tesouraría.

Os postos serán clasificados pola Comunidade Autónoma no mesmo decreto de fusión e adxudicados aos habilitados que actualmente exercen as súas funcións no Concello de Cotobade:

Secretaría de entrada (de clase segunda): D. Miguel Rodríguez de Vicente – Tutor (ocupado en propiedade)

Intervención de entrada (de clase segunda): D^a Sonia David Cortegoso (ocupado en propiedade)

Tesouraría: Vacante

Desaparece o posto de secretario-interventor do Concello de Cerdedo e o funcionario que actualmente desempeña o posto en propiedade será transferido á Comunidade Autónoma conforme ao disposto no art. 59 da Lei 13/2015 do 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas que modifica o art. 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

O resto de funcionarios e persoal laboral dos municipios fusionados pasarán con todos os seus dereitos e obrigas, a formar parte do persoal do novo municipio.

SÉTIMA – Todos os ingresos que procedan da Comunidade Autónoma como consecuencia da fusión neste exercicio económico serán reinvertidos no territorio dos dous municipios de forma que, na medida do posible un 50% sexa a partes iguais entre os dous concellos e o outro 50% de xeito lineal a razón da poboación existente en cada un."

Sétimo – Este acordo será sometido a información pública polo prazo de trinta días a contar desde a última publicación do correspondente anuncio no BOP e no DOG a fin de que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes."



E, para que conste e surta efectos no expediente da súa razón, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en Cotobade, ao abeiro do disposto no artigo 206 do R.O.F. a 03 de marzo de 2016.





CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

ANUNCIO

